

Actividades da Asociación en 1999

Enrique J. Montenegro Rúa

Cómpre iniciar esta enumeración das nosas actividades coa mención do nomeamento de Socio e Presidente de honra de don Emilio Sinde Nieto, que tivo lugar na Asemblea extraordinaria celebrada o día 6 de marzo. Con esta distinción, quérese destacar a súa importante e contínua colaboración non só con esta Asociación e por suposto a favor do propio Castro e Museo de Viladonga, senón tamén o seu apoio e promoción constante para con todos os aspectos da cultura, a historia e o patrimonio do Concello de Castro de Rei e da súa comarca.

Queremos tamén render dalgún xeito unha homenaxe a todos os socios que co seu apoio nos permiten levar adiante os cometidos desta Asociación de Amigos, sendo este último ano abondo fructífero en actuacións. Pódese dicir que houbo de todo un pouco (ou un moito en certos casos) e o máis oportuno para a súa exposición será dividilo en apartados:

Novas adquisicións

Acollímonos ó "Plan de Informatización de Asociacións" xestionado pola Fundación Tomillo e a Fundación Catalana de L'Esplai co apoio do Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Isto permitiunos acometer a compra dun ordenador persoal, unha impresora láser e un paquete de software ofimático cun aforro do 50% sobre o prezo de venda habitual.

Os artigos de venda na recepción do Museo non variaron, e soamente hai que destacar a adquisición dunha nova remesa de "pins" de bronce e de olas castrexas.



Figura, 1

Viaxes culturais

A Meseta Norte foi o destino da primeira das dúas viaxes realizadas; do 15 ó 17 de maio visitamos as cidades e os conxuntos histórico-artísticos de Segovia (Fig.1), Aranda de Duero, Valladolid e Astorga. Na primeira vila tivemos a grata sorpresa de coincidir co Festival Internacional de Títeres (Titirimundi), aliciente adicional nunha xa, de seu, concorrida cidade turística, sobre todo en fin de semana. Tamén visitamos os impresionantes xacementos arqueolóxicos de Clunia (Burgos) e Tiermes (Soria), onde tivemos a oportunidade de coñecer e contactar con membros da Asociación de Amigos do Museo deste último, singular sitio celtibérico e romano, no que se nos ofreceu, nun agradable local rexentado polo seu Secretario, unha exquisita mostra do seu variado repertorio gastronómico.

As condicións climáticas adversas acompañáronnos en boa parte da nosa segunda viaxe, realizada os días 30 e 31 de outubro e 1 de novembro polo

Norte de Portugal, o que non nos impediu disfrutar da cidade de Braga, da Citania de Briteiros (onde unha brétema pingona nos envolveu na visita, mostrándonos así este importante asentamento no seu lado máis misterioso e evocador), de Guimarães (coa sorpresa adicional de atoparnos no Museu Martins Sarmiento cunha exposición monográfica sobre 'Escultura Castreja'), de Amarante, Vila Real, Vidago e Chaves (onde se celebraba a súa sonada Feira de Santos). A Asociación plantéxase seriamente repetir unha parte do itinerario para poder visitar lugares ós que, por unhas ou outras razóns (tempo dispoñible, condicións meteorolóxicas, peche semanal, obras...), non no se puido acceder (como a Citania de Sanfins, o Bom Jesús do Monte ou o santuario rupestre de Panoias).

Colaboración co Museo

Neste apartado, pódese mencionar a doazón dunha nova base de madeira que permitise unha mellor e

máis axeitada exhibición e suxeición da Ara ós Lares Viais de Arcos, que se encontra na Sala de Información Complementaria do Museo. Asimesmo, a Asociación colaborou nas actividades complementarias da Exposición "Arqueoloxía lucense desde o aire" realizada polo Museo como un acto máis dos realizados na conmemoración anual, o 18 de maio, do Día Internacional dos Museos e que este ano tivo como lema "O pracer de descubrir". A nosa aportación consistiu na inclusión en Internet dunha páxina que incluía o contido do tríptico daquela mostra, así como a prestación dunha axuda económica para a celebración, o día 9 de xuño, da conferencia de D. Manuel Xusto Rodríguez "A arqueoloxía aérea en Galicia. O caso do Castro de Lás (Ourense)", e da Mesa redonda sobre "Métodos de prospección en Arqueoloxía", o 17 de xuño, moderada por Felipe Arias Vilas e coa participación de Gerardo Gil Fernández (fotógrafo), Fermín Pérez Losada (profesor da Facultade de Humanidades de Ourense) e Antonio Reigosa Carreiras (do equipo de investigación etnográfica 'Chaira'); todos estes actos tiveron lugar nos locais do Arquivo Histórico Provincial de Lugo, onde estivo instalada dita Exposición.

Participación en Reunións científicas e culturais

Con motivo de se dedicar, o día 24 de abril, unha Xornada Técnica de Museos ó tema "Presente e porvir das asociacións de amigos dos Museos", organizada polo Consello Galego de Museos e, nesta ocasión, polo Museo da Limia (Vilar de Santos, Ourense), (figs., 2-4) fomos invitados a participar



Figuras, 2-4

presentando un relatorio sobre "A Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga: dez anos de historia" (véxase artigo neste mesmo número de CROA). Estivemos acompañados por Marta Ramos-Yzquierdo, que representaba á F.E.A.M. ("Origen, objetivos y funciones de las Asociaciones de Amigos de los Museos"); Fausto Serra, representando a Amigos de los Museos de Cataluña ("Desenvolvimiento y problemática actual de las Asociaciones de Amigos de los Museos de Cataluña en el marco de su larga historia"); e por Manuel Vilar, en representación dos socios do Patronato do Museo do Pobo Galego ("O Museo do Pobo Galego: os socios e a institución"). Xa na sesión de tarde participamos nunha Mesa redonda, moderada por Felipe Arias, na que se aportaron ideas e iniciativas de colaboración con vistas a un mellor desenvolvemento das actuacións destas entidades e para incentivar a creación de novas Asociacións de Amigos, por certo, todavía escasas en Galicia. Hai

que recordar aquí que a nosa Asociación é membro activo da Federación Española de Amigos de los Museos (FEAM), tal como se reflicte case con asiduidade nos seus boletíns informativos.

Dada a nosa importante presenza en Internet (importante pola diversificación da nosa oferta ós internautas,



Figura, 3



Figura, 4

ver máis abaixo), fomos invitados a participar tamén nas III Xornadas de ANABAD-Galicia, centradas no tema "As novas tecnoloxías ó servizo do usuario en Arquivos, Bibliotecas, Centros de Documentación e Museos", celebradas este ano en Ferrol, entre os días 23 e 25 de setembro. Este último día presentamos a comunicación (en colaboración co Director do Museo, Felipe Arias Vilas) "O Castro de Viladonga en Internet: obxetivos e resultados" dentro do apartado de Museos (e xa publicada nas Actas das Xornadas), e ó final da mañán tivemos ocasión de asistir á Mesa redonda: "Museos virtuais" moderada polo propio Felipe Arias e na que participaron Eva Vidal Pan (Museo do Encaixe de Camariñas); José María Bello Diéguez (Museo Arqueolóxico e Histórico Castelo de San Antón, A Coruña); Marcos Fernández Otero (Informático, Universidade da Coruña) e Amparo Sebastián Caudet (Museo

Nacional de Ciencia y Tecnología, Madrid).

Desde estas páxinas queremos agradecer o magnífico trato dispensado por parte dos organizadores destes dous encontros, e moi especialmente dos guías voluntarios do Museo da Limia (que, ademais, co seu saber nos axudaron a coñecer mellor os materiais exhibidos nas distintas salas) dos que gardamos un grato recordo pola súa simpatía e amabilidade para con todos os asistentes.

Internet

Temos xa adquirido un dominio propio en Internet: www.aaviladonga.es. (Fig. 5) O 14 de xullo incorporamos a nova páxina Web e contratamos os servizos dunha empresa para que nos deran de alta en cerca de 2.000 buscadores de todo o mundo. As estatísticas de acceso dos distintos usuarios contabilizan unha media diaria de 32, recibindo 4.478 visitas no período de catro meses e medio, cantidade que para un Museo de sitio arqueolóxico e unha Asociación de Amigos non per-



Figura, 5

tencentes a un medio e contorno urbano, resultan unhas cifras moi destacables e que, e eso é o máis importante, se reflicten na divulgación, no coñecemento e na utilización deste conxunto patrimonial. Seguironse incorporando

artigos en e-Castrexo, tanto en galego, como en español e inglés, destacando a versión electrónica da exposición "Arqueoloxía lucense desde o aire".

A fins do ano 1999, iniciamos un ambicioso proxecto para incentivar e promover aínda máis as visitas de grupos escolares ó Castro e ó Museo, coa incorporación en Internet, a partir do 30 de novembro, dos Programas de Acción Didáctica do Museo, e onde, ademais de subministrar as Unidades Informativas correspondentes a Ensino Primario, Secundario e Bacharelato (e BUP-FP) e as súas respectivas fichas para os alumnos, pódese concertar xa a visita ó Museo a través do correo electrónico e mediante o envío dun formulario dispoñible na propia Web da Asociación.